



**CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro núm. 1.  
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA-SUPLETORIA, NÚMERO CATROCENTOS NOVENTA E UN REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do vinte e cinco de setembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira, Alicia Martínez González, Jose A. Lodeiro Cancela, Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Angel Moldes Martínez, M<sup>a</sup> Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, M<sup>a</sup> Mar Villaverde Rosales, Alberto Villaverde Méndez e Manuel Domínguez Álvarez. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesiões en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3847.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DE 30/07/2013.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta pola Presidencia da acta da sesión anterior realizada o 30 de xullo de 2013 e non formulándose alegación ou reclamación ningunha contra a mesma esta queda aprobada por unanimidade.

3848.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3841.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL EXERCICIO 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Departamento de Intervención e notificouse ao Consello de Contas de Galicia; 3842.- INTERVENCIÓN-TESOURERÍA, INFORME CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE (2º TRIMESTRE 2013).- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Departamento de Intervención e notificouse ao Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia; 3843.- CONTRATACIÓN, ESCRITO SOLICITANDO REVISIÓN PREZO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR ADXUDICADO A EMPRESA IDADES, SL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Servizo de Contratación do Concello e notificouse á empresa concesionaria do servizo Idades, SL; 3844.- MOCIÓNS, MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE EN RELACIÓN Á UTILIZACIÓN PARTIDISTA DOS INFORMATIVOS DA TVG.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Consello Asesor e á Dirección Xeral da Compañía da Radio Televisión de Galicia así como á Secretaria Particular da Xunta de Galicia; 3845.- MODIFICACIÓN DE DESLINDE DE COSTAS LEI 2/2013, DO 29 DE MAIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e solicitouse do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente o

informe favorable ao que se refire o punto 3 da Disposición transitoria 1ª da Lei 2/2013, do 29 de maio; 3846.- URBANISMO, EXP. 361/11.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO BORDO MARÍTIMO DE RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e estando o expediente en información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicou no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais de maior difusión da provincia.”.

A Corporación dáse por enterada.

3849.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario, as que estiveron a disposición dos concelleiros/as xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día; A Corporación dáse por enterada.

3850.- OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CON RELACIÓN AOS DTOS REFERENTES AO 2º TRIMESTRES DO EXERCICIO 2013.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión ordinaria realizada o 16 de setembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: “A interventora municipal da conta do expediente manifestando que dando cumprimento á Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro remitiuse, o pasado 26 de agosto de 2013, a obriga trimestral de subministro de información das Entidades Locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con relación os datos referentes o segundo trimestre do exercicio 2013. A Comisión por unanimidade dáse por enterada.”

Non suscitándose debate ningún, a Corporación dáse por enterada.

3851.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN AO REXEITAMENTO AGRESIÓN IMPERIALISTA EN SIRIA E EXIXIR QUE O ESTADO ESPAÑOL NON INTERVEÑA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente iniciado a instancia do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o rexeitamento a agresión imperialista en Siria e exixir que o estado español non interveña e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión ordinaria realizada o 16 de setembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta da moción presentada polo BNG de data 4 de setembro de 2013 e que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 4 de setembro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:” 1. O Concello de Poio rexeita a intervención militar en Siria, impulsada polos EEUU, e a aposta pola vía pacífica e democrática para a resolución dos conflitos.

2. O traslado a Xunta de Galiza da petición de exixir ao Estado español: a) Que non interveña, nin de maneira directa nin indirecta mediante subterfuxios, nesta operación militar. b) Que se opoña formalmente nos foros e organismos internacionais a un ataque militar de EEUU e outros Estados aliados a Siria.

3. O Concello de Poio apoia institucionalmente os actos convocados para expresar a repulsa social ao ataque militar contra Siria, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva e inequívoca nas rúas das vilas e cidades do noso país o rexeitamento a esta nova agresión imperialista.”

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción manifestando que unha vez máis estamos asistindo a unha decisión internacional promovida por EE.UU., sen o consentimento da ONU, de intervención co único fin de desestabilizar a zona de conflito.

Evidentemente non estamos de acordo e que o van a padecer é a poboación civil.

O Sr. Moldes Martínez di que está de acordo con que o último que se debería

facér é a ocupación e o ataque contra Siria. Parece que existe un acordo entre EE.UU. e Rusia para que se inicie o desarme destas armas químicas, usando a diplomacia.

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** O Concello de Poio rexeita a intervención militar en Siria, impulsada polos EEUU, e a aposta pola vía pacífica e democrática para a resolución dos conflitos.

**Segundo:** O traslado a Xunta de Galiza da petición de exixir ao Estado español: a) Que non interveña, nin de maneira directa nin indirecta mediante subterfuxios, nesta operación militar. b) Que se opoña formalmente nos foros e organismos internacionais a un ataque militar de EEUU e outros Estados aliados a Siria.

**Terceiro:** O Concello de Poio apoia institucionalmente os actos convocados para expresar a repulsa social ao ataque militar contra Siria, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva e inequívoca nas rúas das vilas e cidades do noso país o rexeitamento a esta nova agresión imperialista.

3852.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA PALIAR OS DANOS CAUSADOS POLA VAGA DE LUME E SE POÑA EN MARCHA UNHA NOVA POLÍTICA CONTRA INCENDIOS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente iniciado a instancia do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o a adopción das medidas necesarias para paliar os danos causados pola vaga de lumes e se poña en marcha unha nova política contra os incendios e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na sesión ordinaria realizada o 16 de setembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta da moción presentada polo BNG de data 4 de setembro de 2013 e que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 4 de setembro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:” 1º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e que, conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urxente as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de lumes e contribuír a súa extinción.

2º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para que implemente as medidas necesarias para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e para poñer en marcha unha nova política que teña como eixos:

Unha nova política forestal, orientada á ordenación dos espazos forestais facéndooos compatíbeis con outras actividades agrarias, á diversificación de especies e á diversificación de aproveitamentos económicos dos montes.

O impulso dunha política preventiva contra os incendios forestais, eliminando os incentivos á forestación de terras agrarias e ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas precisas para asegurar un cumprimento rigoroso da limpeza da biomasa forestal nestas zonas. Unha nova política que permita operar na propiedade das terras agrarias e forestais favorecendo a mobilidade e fórmulas de explotación colectiva. Unha política de intervención no medio rural que pule pola reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento. A renuncia á política de recortes orzamentarios en servizos públicos básicos como da prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer tanto un dispositivo axeitado como despreparar accións preventivas no monte no marco dunha nova política forestal.

Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e

extinción de lumes.

**3°.-** Solicitar da Xunta de Galiza a que, en colaboración co Goberno central, poña en marcha un programa de axudas para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais na vaga de agosto de 2013, consistente en:

Restablecemento de infraestruturas públicas e privadas afectadas (viarias, canalizacións hidráulicas, tendidos eléctricos, de telecomunicacións etc)

Reposición de cultivos, instalacións e infraestruturas agrarias afectadas polo lume.

Reparación de vivendas e construcións auxiliares afectadas.

Actuacións de protección do solo queimando, para paliar os efectos da erosión e prever o arrastre de terreo vexetal aos sistemas fluviais e marítimos."

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da mesma indicando que se trata de por en marcha unha política forestal mínima e imprescindible pero non a da Xunta de Galicia que entende por política forestal apagar o fume cando existe e non unha prevención. Para que se minimicen os efectos dos incendios forestais.

O Sr. Moldes Martínez di que desde o Partido Popular apoiamos todo tipo de actos para prevenir o lume pero non é de todo certo que recaiga sobre os concellos porque a Xunta de Galicia contratou brigadas con eficacia.

A partir de aí haberá que facer unha revisión das políticas actuais seguramente pero non é nada fácil evitar a estes pirómanos. Este ano se baixaron o número de hectáreas de monte queimado e a política que levou a cabo a Xunta de Galicia non é de todo mala.

O Sr, Barreiro Lubián di que os pirómanos non son malos, son delincuentes. O monte está abandonado, en Poio non se da pero noutros concellos limítrofes nas carreteras de acceso a maleza as invade e iso é polo tipo de política forestal e agraria, desde hai décadas, encamiñadas a que o monte se abandone, non se aproveite e que acabe en mans privadas.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 3 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELLEIRO D. JAVIER DOMÍNGUEZ LINO.

Antes de proceder á votación do asunto polas Voceiras do Grupo Municipal do BNG, a Sra. Díaz Iglesias e a voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores, interveñen manifestando o apoio á moción presentada e destacando sobre todo que o que reiteran é a existencia dunhas brigadas especialistas e que se realicen máis labores de prevención, que acarrea menos gastos que o de extinción.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de setembro de 2013 adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Dirixirse a Xunta de Galicia para revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e que, conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urxente as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de lumes e contribuír a súa extinción.

**Segundo:** Dirixirse a Xunta de Galicia para que implemente as medidas necesarias para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e para poñer en marcha unha nova política que teña como eixos:

Unha nova política forestal, orientada á ordenación dos espazos forestais facéndooos compatíbeis con outras actividades agrarias, á diversificación de especies e á diversificación de aproveitamentos económicos dos montes.

O impulso dunha política preventiva contra os incendios forestais, eliminando os incentivos á forestación de terras agrarias e ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas precisas para asegurar un cumprimento rigoroso da limpeza da biomasa forestal nestas zonas. Unha nova política que permita operar na propiedade das terras agrarias e forestais favorecendo a mobilidade e fórmulas de explotación colectiva. Unha política de intervención no medio rural que pule pola reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento. A renuncia á política de recortes orzamentarios en servizos públicos básicos como da prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer tanto un dispositivo axeitado como despreparar accións preventivas no monte no marco dunha nova política forestal.

Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e extinción de lumes.

**Terceiro:** Solicitar da Xunta de Galicia a que, en colaboración co Goberno central, poña en marcha un programa de axudas para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais na vaga de agosto de 2013, consistente en:

- \* Restablecemento de infraestruturas públicas e privadas afectadas (viarias, canalizacións hidráulicas, tendidos eléctricos, de telecomunicacións etc)

- \* Reposición de cultivos, instalacións e infraestruturas agrarias afectadas polo lume.

- \* Reparación de vivendas e construcións auxiliares afectadas.

- \* Actuacións de protección do solo queimando, para paliar os efectos da erosión e prever o arrastre de terreo vexetal aos sistemas fluviaais e marítimos.

3853.- DAR CONTA DO ACORDO NÚMERO 11498 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 26 DE AGOSTO DE 2013, FESTAS LOCAIS 2014.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Unidade de Persoal do Concello de Poio en relación á comunicación formulada pola Consellería de Traballo e Benestar, para que este Concello antes do 30 de setembro de 2013 determine para o 2014 as festividades locais.

De conformidade co establecido no artigo 16 do Regulamento Orgánico Municipal mediante acordo número 11498 da Xunta de Goberno Local do 26 de agosto de 2013 e por razón de urxencia acordou determinar para o ano 2014 como festivos locais o 24 de xuño (San Xoán) e 24 de setembro (Nosa Señora da Mercé).

Con data 16 de setembro de 2013 ditaminouse favorablemente dito asunto pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Ratificar o acordo número 11498 adoptado pola Xunta de Goberno Local polo que se determinou como festivos locais para o ano 2014 o 24 de xuño e o 24 de setembro de 2014, respectivamente.

**Segundo:** Comunicar este acordo á Xefatura Territorial de Vigo- Servizo de Traballo e Economía Social.

3854.- CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE POIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado pola Unidade de Persoal así como do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de setembro de 2013 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade dáse conta do acordo núm. 11453 adoptado

pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 05/08/2013 e adopción dos acordos que procedan en relación á ultraactividade do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Poio e pactos estatutarios adoptados durante a súa vixencia.

O Sr. Martínez Blanco explica que se están levando a cabo reunións da Mesa de Negociación co compromiso de que a 31 de decembro de 2013 esté rematado o novo Convenio do Persoal Laboral que tería vigor desde o día 1 de xaneiro de 2014.

A razón de traer á Comisión de Facenda este expediente é que é necesario adoptar acordo plenario no que se manteña a vixencia do contido normativo do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Poio (DOG nº 173, de 8 de setembro de 2003), do acordo plenario núm. 3111 de 29 de abril de 2008 no que se presta aprobación aos acordos adoptados pola mesa de negociación de datas 5 de marzo e 3 de abril de 2008, fixando como data e horizonte temporal para a negociación e aprobación dun novo convenio colectivo, o 31 de decembro de 2013. En consecuencia, o réxime retributivo aplicable, partindo do establecido no Anexo III do convenio, do referido acordo plenario e as actualizacións anuais das sucesivas Leis de orzamentos xerais do Estado queda conformado do seguinte xeito:

<b>RETRIBUCIONES 2013</b>			
<b>CATEGORÍA</b>	<b>SOLDO BASE</b>	<b>COMPLEMENTO POSTO DE TRABAJO</b>	<b>TOTAL</b>
Oficial Servizos	1.072,80	274,64	1.347,44
Peón de Servizos	899,78	303,29	1.203,07
Limpador/a	816,72	386,95	1.203,67
Administrativo	982,83	498,17	1.481,00
Auxiliar Administrativo	809,80	606,94	1.416,74
Conserxe	830,56	388,84	1.219,40
Monitor Deportivo/socorrista	809,8	606,94	1.416,74
T.G.S	1.211,23	1.265,71	2.476,94
T.G.M.	1.142,02	940,19	2.082,21

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de setembro de 2013 adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Prestar aprobación ao acordo adoptado pola Mesa de Negociación do Persoal Laboral do Concello de Poio realizada o 06 de setembro de 2013 polo que mantén a vixencia do contido normativo do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Poio (DOG nº 173, de 8 de setembro de 2003), do acordo plenario núm. 3111 de 29 de abril de 2008 no que se presta aprobación aos acordos adoptados pola mesa de negociación de datas 5 de marzo e 3 de abril de 2008, fixando como data e horizonte temporal para a negociación e aprobación dun novo convenio colectivo, o 31 de decembro de 2013. En consecuencia, o réxime retributivo aplicable, partindo do establecido no Anexo III do convenio, do referido acordo plenario e as actualizacións anuais das sucesivas Leis de orzamentos xerais do Estado queda conformado do seguinte xeito:

<b>RETRIBUCIONES 2013</b>			
<b>CATEGORÍA</b>	<b>SOLDO BASE</b>	<b>COMPLEMENTO POSTO DE TRABAJO</b>	<b>TOTAL</b>
Oficial Servizos	1.072,80	274,64	1.347,44

Peón de Servizos	899,78	303,29	1.203,07
Limpador/a	816,72	386,95	1.203,67
Administrativo	982,83	498,17	1.481,00
Auxiliar Administrativo	809,80	606,94	1.416,74
Conserxe	830,56	388,84	1.219,40
Monitor Deportivo/socorrista	809,80	606,94	1.416,74
T.G.S	1.211,23	1.265,71	2.476,94
T.G.M.	1.142,02	940,19	2.082,21

**Segundo:** Remitir o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Relacións Laborais aos efectos da inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos, depósito no Servizo de Relacións Laborais así como publicación no Diario Oficial de Galicia.

MOCIÓNS URXENTES.- Non se producen.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Polo Sr. Barreiro Lubián solicítase do Sr. Alcalde do Concello a solicitude e reiteración de entrevista co Xerente de Xestur, SA para tratar o tema do Polígono Industrial de Fragamoreira.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.